

**OBRADOIRO**  
**A ASISTENCIA PSICOLÓXICA**  
**ESPECIALIZADA A VÍTIMAS DO DELITO**

Nome: .....

Tfno.: .....

Enderezo: .....

Cidade e C.P.: .....

Profesión: .....

E-mail: .....

Centro de traballo: .....

DNI/NIF: .....

Nº de colexiado/a: .....

¿É socio/a da Sección de Psicoloxía Xurídica? Si  Non

Solicita factura (achegar os datos fiscais)

**Boletín de inscrición**

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á ABANCA,  
IBAN: ES64 2080 0316 2330 4000 8164

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio (No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro).

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal). Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)  
[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

**OBRADOIRO**  
**A ASISTENCIA PSICOLÓXICA**  
**ESPECIALIZADA A VÍTIMAS**  
**DO DELITO**

**Relatora:**  
M<sup>a</sup> Ángeles Pérez García

**Organiza:**  
Sección de Psicoloxía Xurídica do  
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

**Coordinadoras:**  
Concepción Fernández Martínez  
Lucía Monroy Fernández

**DATA:**

Sábado, 16 de marzo de 2019.

**LUGAR:**

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa Espiñeira, 10, baixo, 15706 Santiago de Compostela).

**PRAZAS:**

30.

**HORARIO:**

De 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

**PREZOS:**

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica;  
Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego;  
Estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía;  
de doutoramento e do Máster en Psicoloxía:

25,00 €

Psicólogos/as Colexiados/as:

50,00 €

Psicólogos/as non Colexiados/as:

100,00 €

\*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para Colexiados e Colexiadas desempregadas. Bases no seguinte enlace:  
[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_ formacion\\_para\\_Colexiados\\_e\\_Colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_ formacion_para_Colexiados_e_Colexiadas.pdf)

**INSCRICIÓN:**

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o obradoiro entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e **a tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o **título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía**.

Último día de inscrición: **6 de marzo de 2019**.

**PROGRAMA:**

1. **Introdución.**
2. **Regulación legal da asistencia psicolóxica a vítimas do delito.**
3. **O perfil profesional do “Psicólogo/a Especializado/a en Vítimas do Delito” (PEVD).**
4. **Definición de vítimas: directas e indirectas.**
5. **Tipos de delitos e protocolos de actuación. A figura do “Psicólogo/a Especializado/a en Vítimas do Delito” (PEVD), no proceso penal.**
6. **Métodos e técnicas de intervención. A vitimización primaria e secundaria.**
7. **O informe xudicial como testemuña e/ou perito.**
8. **Caso práctico e role-playing.**

**OBXECTIVO:**

Dar a coñecer a regulación legal desenvolvida en España, onde se recoñece o dereito a asistencia psicolóxica ás vítimas do delito.

Identificar o perfil profesional do psicólogo/a especializado/a en vítimas do delito.

Informar aos/as profesionais da psicoloxía dos tratamentos, técnicas e protocolos de actuación aplicables coas vítimas directas e indirectas do delito.

**METODOLOXÍA:**

Clase expositiva, exemplificación e resolución de casos prácticos. Alternarase a transmisión de coñecementos coa práctica e o debate didáctico. Facilitarase as persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro e dos casos prácticos.

**RELATORA:****Mª ÁNGELES PÉREZ GARCÍA, CL01859:**

Psicóloga Titular da Oficina de Asistencia a Vítimas de Delitos (OAV) da Delegación do Ministerio de Xustiza en Salamanca desde o ano 2003. Psicóloga perito forense no ámbito privado e mediadora familiar.

Profesional colaboradora coa docencia universitaria de xeito habitual: directora de TFG e docencia no Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade de Salamanca (USAL). Tamén colaborou durante dous anos no Máster en Vitimoloxía: Atención psicolóxica a vítimas, da Universidade Complutense de Madrid (UCM).

Foi presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial da Psicoloxía de Castela e León entre os anos 2010 e 2018, e actual coordinadora. É organizadora, participante e formadora de numerosas actividades Colexiais, xornadas e congresos relacionados coa psicoloxía xurídica. Antiga vogal-presidenta de Salamanca, do Colexio Oficial de Psicoloxía de Castela e León entre os anos 2010 e 2018.

Na súa formación universitaria, conta ademais co Máster en Modificación de Conduta e o Máster en Psicoloxía Xurídica e Forense. Experta Universitaria en Violencia de Xénero e en Mediación e Orientación Familiar.

Formación anual actualizada para realizar a Asistencia Psicolóxica Especializada na Oficina de Atención a Vítimas desde 2003, colaborando como formadora ocasional.